



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a selección do persoal do obradoiro dual de emprego "empregabilidade na asistencia persoal".

EXPEDIENTE: 2024/E005/000017

ANTECEDENTES

ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024.

Informe emitido polo servizo de Intervención municipal para a solicitude do obradoiro dual de emprego "Empregabilidade na asistencia persoal", de data 25.03.2024.

Decreto núm. 431/2024, de data 12.03.2024 de aprobación do proxecto do obradoiro dual de emprego "Empregabilidade na asistencia persoal".

Resolución de Concesión de Subvención de data 18.09.2024 do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego do Departamento territorial da Coruña, nº de expediente 15/0024/2024.

Resolución de alcaldía n.º1865/2024, de 30/10/2024, pola que se aproban as bases de selección para o alumnado e o persoal do obradoiro, con corrección de erros en resolución nº1882/2024, de 04/11/2024.

Publicación das bases da convocatoria na sede electrónica o 30/10/2024, con rectificación de erros publicada o 04/11/2024.

Actas da comisión de valoración nomeada no Decreto de 5 de setembro de 2024, nas que se propón a contratación do persoal e alumnado que superou o proceso de selección.

Resolución de data 29/11/2024, pola que se contrata, entre outros traballadores, a Natalia M^a Barro Rochela como Directora do Obradoiro Dual.

Solicitude de data 11/12/2024, de Natalia M^a Barro Rochela, na que comunica o seu cese voluntario con data de efectos 15/12/2024.

Resolución de alcaldía 10/2025, de 03/01/2025 pola que se aproban novas bases de selección para o director/a do obradoiro.

Publicación das bases da convocatoria no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica en data 03/01/2025

Lista provisional de admitidos e excluídos aprobada por decreto de data 14/01/2025 e publicada no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello na mesma data.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte: Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus arts. 231 e seguintes; Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos seus arts. 21.1.g), 91, 103 e 104; Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, nos seus arts. 177 e seguintes; Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, na súa Disposición Adicional Segunda; Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, no seu art. dous; Convenio Colectivo para o persoal laboral do Concello de Betanzos, (publicado no BOP nº. 66, do 06.04.2017).

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De acordo co establecido nas bases da convocatoria : “As persoas candidatas que non acrediten axeitadamente os requisitos de titulación e/ou experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación.

Os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo non serán obxecto de baremación. Os méritos baremables deben estar en todo caso relacionados coas funcións a desenvolver. Requisitos mínimos esixidos serán de titulación e experiencia profesional para cada un dos postos.

Tamén serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsidade documental.

A comisión de selección admitirá a todas aquelas persoas candidatas que presenten os requisitos mínimos e en calquera momento, antes de realizar a entrevista, poderá habilitar un período para a emenda se o considera oportuno. A comisión seleccionadora publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Betanzos a relación de persoas candidatas admitidas e excluídas.

Do mesmo xeito que o indicado no paragrafo anterior publicarase a relación definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas e anunciará o lugar, día e hora no que terá lugar as entrevistas



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

que deberán realizar todas as persoas aspirantes admitidas. Se por algún motivo, algunha das persoas candidatas propostas non cumpre cos requisitos mínimos esixibles para poder optar a participar no programa de emprego, así se fará constar pola entidade promotora.”

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as para director/a do obradoiro de dual “Empregabilidade na asistencia persoal”:

ADMITIDOS

Apelidos e nome	DNI
Andrade Sánchez, Silvia	***2283**
Carballeira Dopico, M. ^a José	***7559**
López Núñez, Elena	***6009**
Olivares Sanz, Marina	***9862**
Rodríguez Sánchez, Soraya	***0667**
Romero Rial, Diego	***9370**
Vila González, Maruxa	***0085**

EXCLUÍDOS

Apelidos e nome	DNI	Causa
Rodríguez Mayobre, Mónica	***3381**	Non acredita o requisito de titulación universitaria na rama social

SEGUNDO.- Modificar o nomeamento da comisión de selección, que pasará a estar composta polos seguintes membros:

Presidenta: Mapoula Díaz Varela, orientadora laboral (Grupo I/II) do Concello de Betanzos. Licenciatura
Vogal 1^a: Elena Encinas Pena, Responsable de análise financeiro e relacións instucionais (Grupo I) do Concello de Betanzos. Licenciatura.
Vogal 2^o: Juan Carlos Prados Moreno, Psicólogo (Grupo I) do Concello de Betanzos. Licenciatura.
Presidente suplente: Adrián J. Márquez Caramés. Secretario (A1) do Concello de Betanzos. Licenciatura.
Vogal 1^o suplente: Daniel Pereiro Cachaza, Asesor xurídico (A1) do Concello de Betanzos. Licenciatura.
Vogal 2^o suplente: María Iglesias Nuño, Interventora (A1) do Concello de Betanzos. Licenciatura.

TERCEIRO.- Convocar aos candidatos admitidos no proceso de selección de director/a para o obradoiro dual de emprego “Empregabilidade na asistencia persoal” o próximo xoves día 23 de xaneiro de 2025 ás 9h no Salón Azul do Edificio Liceo, sito na Pza. De Galicia N^o1, Betanzos.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura no marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O Secretario
Adrián J. Márquez Caramés

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE